



BASES CURSOS DE NATACIÓN 2026

1. Obxecto

Os cursos de natación son programas de ensinanza estruturados que teñen como obxectivo ensinar a nadar e/ou perfeccionar a técnica de nado. Esta proposta ponse en marcha dende o concello de Vila de Cruces para facilitar a aprendizaxe e mellora das habilidades acuáticas.

2. Persoas beneficiarias

Esta actividade está dirixida a persoas de todas as idades e niveis, agás as nenas e os nenos nados nos anos 2023, 2025, 2025 e 2026.

3. Desenvolvemento das actividades

A actividade desenvolverase co seguinte calendario:

1º MES : Do 1 ao 31 de xullo

2º MES : Do 1 ao 28 de agosto

Os cursos levaranse a cabo de martes a venres e dividiranse en 6 grupos durante o mes de xullo cos seguintes horarios* :

GRUPO 1: De 11:00 a 11:40 h.

GRUPO 2: De 11:40 a 12:20 h.

GRUPO 3: De 12:20 a 13:00 h.

GRUPO 4: De 13:00 a 13:30 h.

GRUPO 5: De 13:30 a 14:00 h.

GRUPO ADULTOS: De 15:00 a 15:40 h.

Os cursos levaranse a cabo de martes a venres e dividiranse en 5 grupos durante o mes de agosto cos seguintes horarios*:

GRUPO 1: De 11:00 a 11:40 h.

GRUPO 2: De 11:40 a 12:20 h.

GRUPO 3: De 12:20 a 13:00 h.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





GRUPO 4: De 13:00 a 13:40 h.

GRUPO ADULTOS: De 15:00 a 15:40 h.

Lugar: piscina municipal de Vila de Cruces.

*Horarios: poderán sufrir variacións segundo o número de persoas usuarias. Antes do inicio dos cursos, comunicaráselles aos usuarios e usuarias o horario definitivo.

4. Solicitudes

As solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado “Solicitud Cursos de natación 2026” dispoñible nas dependencias do Concello de Vila de Cruces e na páxina web www.viladecruces.es

Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude: as persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI da persoa solicitante (no caso de menores de 18 anos, fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a legal).

O concello comprobará de oficio o empadramento das persoas solicitantes. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

5. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será do **8 ao 12 de xuño de 2026**. As solicitudes poderanse presentar presencialmente no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica. Non se aceptarán as solicitudes presentadas fóra de prazo -antes ou despois do período indicado-.

6. Prezo

O prezo dos cursos de natación será de 35€ ao mes por persoa usuaria, agás no caso das nenas e nenos admitidos no concilia de verán para os que os cursos de natación terán un custo de 25€/mes.

O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces unha vez confirmada a admisión da persoa participante. No caso de non formalizar o pagamento no tempo e forma indicados perderase a condición de beneficiario e procederase á tramitación da baixa nos cursos de natación.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





7. Procedemento de concesión de prazas

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 1 día hábil, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición. A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos segundo a seguinte orde de preferencia:

1º.- Persoas empadroados no Concello de Vila de Cruces.

2º.- Orde de inscrición.

3º.- No caso de que o número de solicitudes supere as prazas dispoñibles, as nenas e os nenos que cursasen 1º de Educación Infantil durante o curso escolar 2025/2026 serán os primeiros en quedar en lista de agarda.

8. Publicación da listaxe de admitidos no servizo

A listaxe de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Vila de Cruces.

9. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo

10. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.





Noemi Lois Blanco

Concelleira de Deportes

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

Cod. Validación: LJENNWXSCCMS2N7QHDANM3HYZ
Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

